

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, publicado no DOG número 242, do 1 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Don Anxo Antón Queiruga Vila, con DNI 76778938Q, presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, en adiante COGAMI, con NIF G-32115941, actuando na súa representación en virtude das atribucións que lle confire o artigo 36 dos estatutos da citada confederación.

EXPOÑEN

1. Que de acordo co que dispoñen o Estatuto de autonomía para Galicia e a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.

2. Que a Consellería De Cultura, Educación e Universidade é consciente de que debe establecer os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos



necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.

3. Que as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

4. Que no ámbito da Administración autonómica de Galicia o órgano que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, é a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e, para abranguer todos os eidos sociais debe procurar a colaboración, na medida do posible, con outras asociacións ou entidades que traballan a prol do galego dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Que COGAMI é unha entidade sen ánimo de lucro constituída no ano 1990 e inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co n.º 2003/000093-2ª, que ten como misión conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación e coordinación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas, colaborando con diferentes administracións na implementación de políticas e accións relacionadas coas persoas con discapacidade.

6. Que o proxecto que presenta COGAMI é único, e a singularidade e características das actividades a desenvolver ao abeiro do convenio, na actualidade, só as realiza esta entidade polo que non resulta posible promover a concorrência pública para a súa realización.

7. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a COGAMI son conscientes da relevancia do proceso de normalización lingüística e da responsabilidade



que nesta materia teñen todas as institucións galegas, e por iso manifestan a súa vontade de asinar en 2021 este convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a COGAMI, para desenvolver un programa de actuacións en lingua galega para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.

Segunda.- Obrigas de COGAMI

En cumprimento das obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan de normalización da lingua galega, mediante a sinatura deste convenio as partes colaborarán na realización en lingua galega das seguintes accións:

- Deseño e elaboración dun vídeo divulgativo en formato de animación ilustrada ou gráfica, sobre o valor social da COGAMI e difusión do mesmo en redes sociais.
- Deseño de presentacións/folletos corporativos e edición dos mesmos cos que poder difundir a actividade xeral da entidade e/ou algún dos servizos concretos da entidade. A difusión destas presentacións realizarase nos diferentes actos/xornadas/actividades nos que participa COGAMI (congresos, mesas informativas, campañas divulgativas, información para posibles colaboradores/financeiros....) Este material tamén estará dispoñible en formato electrónico.
- Deseño e edición dunha memoria de actividades da COGAMI, para entregala nos diferentes actos/xornadas/actividades nos que participa a COGAMI (congresos, mesas informativas, campañas divulgativas, información para posibles colaboradores/financeiros....) Este material tamén estará dispoñible en formato electrónico



A COGAMI comprométese a realizar as actividades citadas, porén, no suposto de que a situación de excepcionalidade sanitaria e saúde pública producida pola COVID-19 continuase e, a entidade tivera que cambiar a data (dentro da vixencia do convenio) ou o formato de algunha das actividades contempladas nesta estipulación, terá que solicitalo telematicamente a esta Secretaría Xeral para que a modificación sexa autorizada polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

Así mesmo, se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas nesta estipulación, esta modificación ou cambio se instrumentará mediante a correspondente addenda.

COGAMI encargarse de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas neste convenio, así como facilitar o persoal, infraestruturas e os medios de que dispón para a súa execución.

Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a facilitarlle a COGAMI, cando sexa preciso, o apoio e o asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta.- Financiamento

O orzamento das actividades previstas neste convenio ascende a un total de **10.500,00 €**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- . A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará cunha achega de **8.000,00 €**, con cargo á partida orzamentaria 10.50.151A.640.6 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2021.
- . COGAMI contribuirá coa cantidade restante de **2.500,00 €**.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso dos materiais e



publicacións que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre as publicacións e demais materiais que se elaboren terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Quinta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

COGAMI percibirá a achega da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en dous pagamentos, que se efectuarán da seguinte maneira:

- O primeiro pago corresponderá ao 50% da achega desta consellería, e abranguerá o período que vai dende o asinamento do convenio ata que se leve executado, aproximadamente, o 50 % das actividades.
- O segundo, relativo ao restante 50% da achega da consellería, realizarase unha vez que se execute a totalidade do convenio.

Para percibir as achegas sinaladas na estipulación anterior, COGAMI presentará telematicamente e, en todo caso, o 15 de novembro de 2021 como data límite, a seguinte documentación:

- Certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta xustificación realizarase mediante as correspondentes facturas e, incluírá tamén, os gastos asumidos por COGAMI.
- Para control das actividades que se prevén no convenio, entregarase un exemplar dos materiais que se publiquen.
- Un informe dos resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua. Este informe o presentará electronicamente COGAMI cando xustifique o segundo pagamento.
- No suposto de premios en metálico, a fundación deberá presentar documento acreditativo asinado polo titor/a legal do menor conforme recibiu un premio en



metálico, especificando nese documento a retención que corresponda polo imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para cada pagamento deberá presentar:

- . Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- . Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- . Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

COGAMI facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega, no ano 2003, tal e como se establece na



disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación, será considerada causa específica de resolución deste convenio.

Sétima.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio.

Novena.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data do seu asinamento e ata o 30 de novembro de 2021, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes por incumprimento dos compromisos que nel se recollen, cun mes de antelación polo menos, e non será posible a súa prórroga.



Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento composta por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística e dous representantes de a COGAMI, presidida por un dos representantes de Política Lingüística, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polos técnicos necesarios. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- . Por incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- . Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De ser resolto o convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade pode, se fose o caso, esixir a devolución da cantidade achegada.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que



este obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sexta.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se



poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo sétima.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que poidan xurdir como consecuencia da execución e interpretación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade
Román Rodríguez González

O presidente da COGAMI
Anxo Antón Queiruga Vila

